

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27014070	CEIP Plurilingüe de Palas de Rei	Palas de Rei	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	6
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	7
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	7
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	8
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	9
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	9
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	9
o) Outros apartados	10

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Segundo o artigo 7 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan: a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas. b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social. c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais. d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas. e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia. f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión. g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo. h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes. i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Segundo o artigo 7 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan: a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor. c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan. d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións. e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura. f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás. g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá. h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura. i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran. j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais. k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado. m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas. n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

En base ao artigo 5 do citado Decreto 155/2022 as competencias clave son os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao rematar a ensinanza básica. Evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, a fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. O desenvolvemento das competencias debe abordarse desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinar. As competencias a desenvolver son: - Competencia en comunicación lingüística (CCL). - Competencia plurilingüe (CP). - Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM). - Competencia Dixital (CD). - Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA). - Competencia cidadá (CC). - Competencia emprendedora (CE). - Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC). A vinculación entre

competencia e retos do século XXI é a que dará sentido ás aprendizaxes, ao aproximar o centro a situacións, cuestións e problemas reais da vida cotiá, o que á súa vez, proporcionará o preciso punto de apoio para favorecer situacións de aprendizaxe significativas e relevantes, tanto para o alumnado como para o persoal docente. Quérese garantir que todo o alumnado supere con éxito a ensinanza básica e, por tanto, consiga o perfil de saída, saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais desafíos aos que deberá facer fronte ao longo da súa vida: - Desenvolver unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente e dos malos tratos animais baseada no coñecemento das causas que os provocan, agravan ou melloran, desde unha visión sistémica, tanto local como global. - Identificar os diferentes aspectos relacionados co consumo responsable, valorando as súas repercusións sobre o ben individual e o común, xulgando criticamente as necesidades e os excesos e exercendo un control social fronte á vulneración dos seus dereitos. - Desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e no coidado das demais persoas, así como na promoción da saúde pública. - Desenvolver un espírito crítico, empático e proactivo para detectar situacións de inequidade e exclusión a partir da comprensión das causas complexas que as orixinan. - Entender os conflitos como elementos connaturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica. - Analizar de maneira crítica e aproveitar as oportunidades de todo tipo que ofrece a sociedade actual, en particularas da cultura na era dixital, avaliando os seus beneficios e riscos e facendo un uso ético e responsable que contribúa á mellora da calidade de vida persoal e colectiva. - Aceptar a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, aprendendo a manexar a ansiedade que pode levar aparellada. - Cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, valorando a diversidade persoal e cultural como fonte de riqueza e interesándose por outras linguas e culturas. - Sentirse parte dun proxecto colectivo, tanto no ámbito local como no global, desenvolvendo empatía e xenerosidade. - Desenvolver as habilidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida, desde a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento e a valoración crítica dos riscos e beneficios deste último.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

- A transversalidade é fundamental xa que, a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. - No segundo ciclo de infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Tamén se incluírá a educación en valores. - Así mesmo, incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables. - Ademais, favorecerase que as nenas e os nenos adiquen autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatórios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente. - Na etapa de primaria, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunas das áreas da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballarase en todas as áreas. - De igual modo, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. - Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores. - Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia. - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero. - Fomentarase que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. A continuación, amósanse algúns exemplos de como se traballan os elementos transversais: . Fomento de hábitos de vida saudable: A través do plan proxecta ¿proxectos de vida activa e saudable?, do programa Voz Natura, de andainas... . Desenvolvemento sostible: ao longo deste curso levamos a cabo un PDI que leva por título ¿a nosa pegada?. . Educación viaria: circuíto de educación viaria na pista polideportiva. . Prevención e resolución pacífica de conflitos: asembleas de aula, convivencia na aula, no tempo de lecer... . Competencia dixital: desenvolvemento do plan dixital de centro, participación no programa polos creativos...

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

En base ao Decreto 150/2022, na etapa de educación infantil: 1. A práctica educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada nena e de cada neno. Ademais, deberase levar a cabo nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social, e o establecemento dun apego seguro. 2. Dita práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo. Nese sentido, as áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre si, polo que se requirirá unha formulación educativa que promova a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos. A estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II do citado Decreto para cada unha das áreas. Así mesmo, velarase por garantir desde o primeiro contacto unha transición positiva desde a contorna familiar ao escolar, así como a continuidade entre ciclos e entre etapas. 3. Os centros docentes fomentarán o desenvolvemento de todas as linguaxes e os modos de percepción específicos destas idades para desenvolver o conxunto das súas potencialidades, respectando a específica cultura da infancia, que definen a Convención sobre os dereitos do neno e as observacións xerais do seu comité. 4. De igual modo, sen que resulte exixible para afrontar a educación primaria, poderase favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e da comunicación, na expresión visual e musical, e en calquera outra que a consellería con competencias en materia de educación determine. 5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará unha primeira aproximación á lingua estranxeira nas aprendizaxes do segundo ciclo da educación infantil. 6. Prestarase especial atención ao principio de igualdade, pondo o foco en eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos materiais educativos.

En base ao Decreto 155/2022, na etapa de educación primaria: 1. Porase especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións. 2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa. 3. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender en por si, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. A estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das áreas. 4. Ao obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recolleitos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Nese sentido, as aprendizaxes que teñan carácter instrumental para a adquisición doutras competencias clave recibirán especial consideración.

5. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Ao fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de maneira que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria nos termos recolleitos na súa concreción curricular. Para facilitar dicha práctica, a consellería con competencias en materia de educación promoverá plans de fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes. Para iso contarase, no seu caso, coa colaboración das familias ou acodes titoras legais e do voluntariado, así como co intercambio de boas prácticas. 6. Os centros docentes impartirán de maneira integrada o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, a fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia a empregar e o tratamento que se dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de maneira que se evite a repetición dos aspectos comúns á

aprendizaxe de calquera lingua. 7. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral. 8. Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos. Non debemos esquecer o xogo como un elemento fundamental para a maioría das aprendizaxes.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

No mes de xuño os equipos de ciclo seleccionan os materiais cos que se traballarán no seguinte curso. - Na etapa de infantil e no 1o ciclo de primaria practicamente non se usan libros de texto. - En 3o de primaria non se usan os libros de texto en ciencias sociais e ciencias da natureza- En 4o de primaria non se usan libros de texto na meirande parte das materias. . - No curso 2023 - 2024 participamos en E-Dixgal en 5o E 6º de primaria. - De 3o a 6o de primaria, a maioría do alumnado reciben os libros do fondo solidario de libros de texto. Por tanto, o profesorado elabora unha boa parte dos recursos que se empregan no día a día no proceso de ensino - aprendizaxe, xa que consideramos que é máis proveitoso para desenvolver o currículo. O traballo por proxectos implica que se empreguen materiais personalizados, adaptados ás características concretas do grupo de alumnos/as cos que se traballa.

Dáse moita importancia aos materiais manipulativos por ser significativos e motivadores para o alumnado. Contamos cos recursos que oferta o programa polos creativos, así como diferentes modalidades enmarcadas no PLAMBE (radio na biblio, biblioteca creativa...). A biblioteca está aberta durante todo o período lectivo para enriquecer e complementar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. En todas as aula contamos con 2 - 3 ordenadores. De uso común dispoñemos de 20 ordenadores portátiles e 15 tabletas. O claustro componse de 18 docentes (3 compartidas con outros centros).

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

- As familias do alumnado poden decidir sobre si reciben as ensinanzas de relixión ou proxecto competencial. - En 1o, 2o E 3º de primaria somos centro plurilingüe, e de 4o a 6o de primaria contamos con sección bilingüe na materia de plástica. Por tanto, impártese a plástica en todos os cursos na primeira lingua estranxeira, inglés. -Na etapa de infantil implantouse neste curso o pluriinfantil nos tres niveis. - Tanto en infantil como en primaria impartírase unha sesión semanal de polos creativos (radio, robótica, máquina de coser, lapis 3D...), tal e como acordou o claustro.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

- As actividades complementarias están reguladas no Decreto 374/1996 do 17 de outubro e na Orde do 22 de xullo de 1997. - En base a esta lexislación, unha mestra exerce a coordinación deste órgano, que terá como competencia, xunto co equipo directivo, promover, coordinar e organizar un plan xeral de actividades que se presentará ó Consello Escolar para a súa aprobación e inclusión na Programación Xeral Anual. - Os Equipos de Ciclo deberán contemplar nas programacións anuais as súas propostas de actividades, que remitirán a Xefatura de Estudos para a súa inclusión na PXA. - Contamos cunha serie de criterios establecidos, consensuados na CCP, para a selección e organización destas actividades: relación cos contidos das áreas, enriquecer o proceso de ensino - aprendizaxe, conmemoracións recollidas na orde de calendario escolar... - Ao comezo de cada mes entrégase ao claustro un calendario coas actividades a desenvolver. - Estas actividades caracterízanse por ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras... - Ao comezo de curso as familias asinan unha autorización para todas as saídas ao entorno. As actividades complementarias terán os seguintes requirimentos e características: . Serán presentadas á coordinadora do equipo de actividades complementarias para a súa aprobación, cunha semana de antelación como mínimo. Presentáranse engadindo un programa da actividade argumentado e baseado en razóns de formación integral. . De cada actividade farase unha breve memoria na que se recollerá: desenvolvemento da actividade, obxectivos xerais, participantes, medidas específicas para o alumnado con NEAE, incidencias, espazo onde se desenvolveu, data, valoración... . O alumnado participante, de ser o caso, contará coa autorización asinada polos proxenitores. - No mes de xuño, o alumnado de 6o de primaria, previsiblemente, acudirá á viaxe fin de estudos.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O alumnado que acade a promoción de curso cunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas no curso anterior. O apoio será impartido polo mestre/a da materia, e contará, co apoio do departamento de orientación e do equipo docente.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

En base ao artigo 50 da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade en Galicia: 1. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. 2. O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos: a) Identificación da alumna ou do alumno. b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso. c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior. d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan. f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias. g) Acreditación da información á familia. 3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/ 2022, de 15 de setembro, pola que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa e a Orde do 30 de maio de 2023 pola que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil e se regula a súa avaliación, establecemos o seguinte:

Referentes:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro. Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte. 1. Todas as áreas do currículo deben contribuír en cada un dos cursos da etapa ao desenvolvemento por parte do alumnado do adecuado grao de adquisición das competencias clave. 2. A avaliación do grao de adquisición das competencias clave en cada un dos cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación de cada unha das áreas, na medida en que, de conformidade co anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, os criterios de avaliación de cada área están relacionados univocamente cos obxectivos da devandita área, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recolleitos no perfil de saída. 3. A selección dos criterios de avaliación e dos contidos establecidos na programación didáctica da área para o deseño das actividades de ensino, aprendizaxe e avaliación e dos métodos pedagóxicos, debe asegurar, no nivel correspondente, o desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta as relacións curriculares ás que se refire o número anterior.

Avaliación final:

1. O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado, de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico. 2. O profesorado deberá consignar na acta de avaliación final as cualificacións das áreas ou ámbitos dos que sexa responsable. O equipo docente, coordinado pola persoa titora, consignará na acta de avaliación final as cualificacións das competencias clave. 3. A titora ou o titor elaborará un informe final de ciclo, ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, no cal se reflectirá o grao de adquisición de competencias clave de cada alumna ou alumno, e, no seu caso, as medidas que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte.

Promoción:

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción de cada alumna ou alumno. A promoción no resto de cursos da etapa será automática. 2. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais. 3. O alumnado que alcance a promoción de curso con algunha área ou ámbito con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior. 4. O alumnado que non alcance a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas comúns suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. Para a elaboración e o seguimento do devandito plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

Criterios de promoción:

O equipo docente decidirá a promoción do alumnado:

Producirase cando a cualificación obtida en cada unha das materias do curso sexa igual ou superior a cinco.

De non producirse isto, o equipo docente pode ter en conta os seguintes aspectos para determinar a promoción:

- Que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- Que acadou un axeitado desenvolvemento das competencias clave, así como dos obxectivos do curso.
- Que considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- Que considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Na lexislación actual, Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/ 2022, de 15 de setembro, pola que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa, son se contempla esta opción.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

- Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas ou ámbitos seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e ateranse ao que disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos. - As programacións didácticas das áreas ou ámbitos dos ensinos de educación primaria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos: a) Introducción. b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave. c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización. d) Metodoloxía: Concrecións metodolóxicas, materiais e recursos didácticos. e) Avaliación: Procedemento para a avaliación inicial, criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área, e criterios de recuperación. f) Medidas de atención á diversidade. g) Transversalidade: Concreción dos elementos transversais, actividades complementarias. h) Práctica docente: Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro, procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación. - O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada. - Elaboraranse a través da aplicación Proens as programacións de infantil e primaria antes do remate do mes de setembro.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os proxectos do centro son os instrumentos arredor dos que se articula a súa xestión e a actividade educativa. Son, pois, a ferramenta de planificación e xestión que guía de forma sistematizada o servizo educativo do noso centro, e o logro dos obxectivos do que este se ten dotado no exercicio da súa autonomía para lograr a mellora das aprendizaxes. Todo proxecto docente necesita da programación de estratexias, do uso eficiente dos recursos materiais e humanos, e do compromiso dos seus axentes, que no caso do proxecto educativo implica a todos os membros da comunidade educativa. Todo proxecto nace dunha necesidade que se identifica, sexa dun xeito directo, mediante estratexias e técnicas específicas, sexa dun xeito indirecto, a través de informacións recibidas por múltiples canles e emitidas por múltiples axentes. Identificada a necesidade, establécense obxectivos para satisfacela, deseñanse accións para lograr os obxectivos e identifícanse os recursos materiais e humanos que permitirán levar a cabo tales accións. Os proxectos dun centro docente son, pois, os documentos que delimitan o que o centro pretende lograr, modificar e mellorar, e detallan todos os aspectos que informan dos destinatarios, axentes e responsables de cada actividade, decómo se van levar a cabo e de como se van avaliar os logros realizados. As fases na elaboración de proxectos son: - Identificar as necesidades do contexto. - Establecer uns fins educativos para dar resposta ás necesidades. - Implantar unha metodoloxía para o logro dos fins propostos. - Deseñar accións para logran os fins. - Establecer prazos para realizar as actividades. - Identificar os recursos necesarios. - Avaliar os procesos e os resultados. - Establecer propostas de mellora

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

- A concreción curricular será revisada anualmente.
- As modificacións virán dadas por cambios legislativos que se deban incorporar, polas aportacións do claustro manifestadas nas sesións de avaliación, CCP e/ou as memorias.
- As modificacións incluíranse na concreción curricular do curso seguinte.

o) Outros apartados

1.